

6 *Review*

RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro

Fogar impronunciabile. Poesía e pantasma

Colección Ensaio. Vigo:
Editorial Galaxia
2011. 210 pp.
ISBN 978-84-9865-303-8

Anxos García Fonte
Investigadora
independente

Un agudo sentido de fin de época impregna a colección de ensaios que María do Cebreiro Rábade Villar presenta baixo o título *Fogar impronunciabile. Poesía e pantasma* (2011). Desde a perspectiva política e cultural do século XXI en que estamos inmersos –suxeita a continuos reaxustes impulsados polas tecnoloxías da información, a inmediatez temporal e a deslocalización espacial– contéplase o mundo que quedou atrás e analízanse os desposos literarios dos que aínda se alimenta a sociedade contemporánea galega. Neste libro a poesía e a literatura en xeral parecen abocadas a reflexionar sobre o seu papel como medio de transmisión das inxerencias colectivas e a maneira de asumir este compromiso na actualidade. O sentimento contemporáneo de perda do papel que tradicionalmente lles correspondía parece superarse pola confianza no potencial da poesía para expresar coa súa riqueza o pensamento desta nova época –en especial as tensións entre a individualidade e a colectividade– e, simultaneamente, para adaptarse aos novos contextos tecnolóxicos.

Estamos diante dunha colección de ensaios que fan dialogar a literatura galega coas tendencias filosóficas e artísticas da modernidade e do que queda dela nun mundo desencantado dos grandes proxectos colectivos. O presente desde o que realiza a reflexión crítica esixe unha análise minuciosa a través das pegadas (en canto marcas dunha ausencia) na tradición literaria do que foi e xa non é e do que podería ser pero nunca chegou a ser. Cobra importancia o problema da herdanza e do sentimento de perda, unha sorte de busca e interpretación das pantasma que animaron a unha literatura galega con plena vontade de diferenza desde mediados do século XIX ata hoxe. Como se fose unha arqueóloga, Rábade Villar vai trazando desde o presente unha narración crítica do pasado, tendo en conta tanto os restos (a herdanza material) como a súa ausencia (a herdanza espectral), e subliñando a importancia de que a crítica opere ‘como un instrumento de reactivación do potencial político dalgúns textos’ (12). Deféndese a responsabilidade política dos estudos literarios poñendo o valor intemporal, aberto e dinámico dos textos literarios por riba dos vicios que poida ocasionar

RÁBADE VILLAR, María
do Cebreiro
*Fogar impronunciabile. Poesía e
pantasma.*
Anxos García Fonte

unha perspectiva condicionada en exceso polas continxencias históricas. O problema do distanciamento da crítica literaria con respecto ao seu obxecto de estudo asúmese como parte da necesidade de recoñecer que toda reflexión, o mesmo que toda creación, se fai desde unhas coordenadas temporais, espaciais e políticas e que é difícil pretender unha interpretación única e universal dos textos literarios. Para a autora non se trata tanto da necesidade de deixar pasar un tempo prudencial entre a creación e a crítica como de ter presente que, malia os condicionamentos que envolven o traballo crítico, a crítica debe procurar mediar entre a creación e a recepción. Por esta razón avoga por análises abertas que susciten novas preguntas antes que por argumentacións ríxidas e pechadas, procurando análises críticas que desenvolvan e poñan a proba as hipóteses das que se parte. A obra de Rosalía de Castro é o exemplo paradigmático proposto para entender tanto os límites dunha certa maneira de facer crítica literaria teledirixida ideoloxicamente como para poñer de relevo o carácter inapreixábel e infinito da poesía, susceptíbel de ser contemplada desde diversas perspectivas (15).

O marco metodolóxico da obra explícitase nos paratextos, no 'Limiar' da autora e no capítulo I: cítase a perspectiva sistémica para a literatura, tanto a través dos estudos sociolóxicos de Pierre Bourdieu como de Itamar Even-Zohar, e a súa aplicación nos estudos literarios galegos da man de Xoán González-Millán e Antón Figuerola, á que poderíamos engadir un innegábel afán comparatista aderezado coas análises culturais de membros da Escola de Frankfurt, como Theodor W. Adorno e Walter Benjamin, e a decisiva achega de Jacques Derrida, especialmente dos ensaios reunidos en *Spectres de Marx* (1993). Nun traballo que reflexiona sobre a escrita poética como representación das voces e os silencios (capítulo VII) desempeñan un importante papel nocións derrideanas como as de pegada e ausencia. O conxunto dos escritos tampouco é alleo aos estudos sobre as emerxencias literarias nacionais e o nacionalismo literario e, en xeral, á rica corrente de análise arredor da noción de diferenza e identidade, entre as que se inclúen os estudos de xénero.

Estamos diante dunha colección de ensaios independentes reunidos e así se xustifica na 'Nota da autora', onde se dá conta daquelas publicacións onde apareceron previamente seis dos dez capítulos do libro, algúns deles nunha versión anterior. Porén, é evidente o interese por dotar de unidade o conxunto grazas a unha serie de mecanismos encargados de establecer vencillos de coherencia entre as partes. Esta parece ser a función do capítulo I, 'O espectro como síntoma', explicación previa do propio *leitmotiv* que guía o libro; do capítulo II, 'Historia cultural e resistencia. A articulación da literatura galega moderna', aplicación dos elementos presentados no capítulo I á literatura galega; e do 'Limiar' e do 'Epílogo', onde se lle outorga ao conxunto a categoría de unidade: 'Este libro foi concibido' (193). Sexa como for, este é o resultado dun programa de investigación sobre a literatura galega, ao que se lle engaden textos doutras tradicións literarias, como queda de manifesto na análise do poema 'As cinzas de Gramsci' de Pier Paolo Pasolini (capítulo V). Un ambicioso programa alumado polas teorías acerca do sentimento de perda, a articulación da identidade e o funcionamento da literatura en canto sistema cultural interconectado con outros sistemas, aspecto que cobra especial relevancia no capítulo VI onde se pon en relación a poética de María Mariño coa de Sylvia Plath, Rainer Maria Rilke e Paul Celan. En definitiva, unha perspectiva destinada á análise da literatura concibida como discurso con capacidade para elaborar estratexias de resistencia política.

RÁBADE VILLAR, María
do Cebreiro
Fogar impronunciable. Poesía e
pantasma.
Anxos García Fonte

O capítulo I funciona como introdución á importancia da pantasma nos estudos literarios. A autora debuxa dúas liñas fundamentais na tradición bibliográfica arredor do imaxinario da pantasma na literatura: a primeira, que arrinca de Sigmund Freud e que desenvolverían Nicolas Abraham e María Torok (1987) e Giorgio Agamben (1989), desde unha dimensión predominantemente psicolóxica; a segunda, que nace da reflexión que Derrida fai dos espectros na obra de William Shakespeare e Karl Marx, afonda nas implicacións políticas das pantasma e chega a propoñer a literatura, co seu incesante xogo de referencias á tradición e a súa capacidade de evocar o que falta, como unha textualidade fantasmática. A pantasma, símbolo da perda, trascende o individual e convértese nun asunto colectivo, entendendo esta dimensión colectiva non só como parte dun imaxinario folclórico de carácter intemporal, senón como un asunto de importancia no tempo histórico. Esta reflexión invita a entender a importancia e eficacia das pantasma na literatura galega: 'A concepción histórica da espectralidade abre asemade a posibilidade de repensar os fundamentos do nacionalismo cultural' (27). Son moitos os exemplos da utilización política dos espectros na literatura galega e a autora escolle o famoso discurso de Castelao *Alba de Groria* (1948) onde, facendo uso do motivo folclórico da Santa Compañía, se conxuran os espectros de personaxes históricos de forte simbolismo nacional. Ao longo das páxinas do libro tamén van ser convocados outros autores como Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro, Mariño, Chus Pato e Pasolini, pero sobre todo Rosalía de Castro, a quen se lle dedican dous capítulos e que reaparece dun xeito ou doutro nos demais. A través dos textos destes escritores e da recorrencia ao tema base da pantasma, ilústranse os significados profundos da espectralidade na literatura.

Á par da profundización nos exemplos singulares, corre o interese por explicar o funcionamento da literatura galega en canto fenómeno cultural emerxente e espectral que pretende conxurar as perdas colectivas e volver poñer as cousas no seu sitio, por dicilo dun xeito shakespeariano; isto é evidente nos capítulos II, VIII, IX e X. Ás veces examínase un aspecto concreto do campo literario, como a tradución, desde a óptica da espectralidade (capítulo VIII). Asemade, faise unha descrición crítica da evolución e importancia da tradución de autor –'exercicio de intervención na esfera social' (150)– a través de diferentes épocas. Outras veces o rendemento dun tema ou do seu enfoque aparece ligado co resto dos ensaios non polas súas connotacións espectrais, senón polo diálogo que se establece entre aspectos deste ensaio e doutros. Sucede así co tratamento da natureza na poesía galega (capítulo IX) e as súas implicacións políticas, que enlaza con aspectos incluídos no capítulo IV, 'Para que precisamos o estranxeiro? O poema de Rosalía de Castro a Sir John Moore', e tamén no V, 'Bens culturais e males de escritura'. En todo caso, sempre que se fai unha análise dun motivo ou dun texto concreto, inténtanse extraer ideas de carácter xeral capaces de ser postas en relación con outros textos, autores ou ideas dos grandes pensadores da contemporaneidade. Esta perspectiva metatextual dálle ao conxunto unha profundidade de matices suxestiva para un público interesado, non necesariamente especializado na literatura galega.

Nos capítulos II, 'Historia cultural e resistencia. A articulación da literatura galega moderna', e X, 'Espectros da nación. Formas de resistencia ao nacionalismo literario', a preocupación pola reflexión historiográfica é máis evidente. Malia a novidade de moitas propostas, a autora déixase

RÁBADE VILLAR, María
do Cebreiro
*Fogar impronunciabile. Poesía e
pantasma.*
Anxos García Fonte

arrastrar por clichés que veñen funcionando desde hai décadas nos estudos literarios galegos entrando en contradición, en ocasións, coas súas propostas. Refírome a afirmacións como ‘unha das constantes da historia cultural galega é a polaridade entre os denominados ‘nacionalismo político’ e ‘nacionalismo cultural’ (43), que se contradí coa suposta utilización do termo político nun sentido amplo proposto ao longo do ensaio. Pero esta contradición non se detén nunha afirmación illada. A autora valora a análise de González-Millán sobre a obra de Cunqueiro porque ‘soubo achegar ferramentas moi útiles para comprender as implicacións ideolóxicas do xénero fantástico, rompendo dun xeito ben oportuno coas lecturas que o vinculaban coa evasión e salientando, por contra, o seu potencial político’ (21); isto é, subliñando, o valor político de actitudes e estratexias presuntamente apolíticas. Máis adiante a autora afirma: ‘A idea de perda de poder político [que] explica en boa medida os proxectos poéticos de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, permitirá xa no século xx a articulación dunha modalidade específica de vangarda na preguerra –o manifesto *Máis Alá* (1922) de Manuel Antonio fai imposible a distinción entre poética e política– e prolongarase, como veremos, até as alegorías nacionais da Nova Narrativa Galega’ (37). Admitido este argumento non vexo razón para non explicar de modo semellante a totalidade da literatura da posguerra: a recuperación dun entramado cultural de urxencia e da adopción de estratexias textuais que se refuxian no intimismo (poesía da Promoción de Enlace), no fantástico (narrativa de Cunqueiro) e no anacrónico (persistencia do neotrobadorismo). Trataríase de levar ás últimas consecuencias a afirmación ‘unha das cousas que explica que sigamos falando de Galicia como realidade social e política é a existencia dunha literatura galega’ (38), ou sexa, de que a literatura galega moderna, en canto estratexia de resistencia, ten un inequívoco significado político, á marxe da existencia e capacidade de acción de organizacións activas no campo político (pénsese, por exemplo, na estratexia do Grupo Galaxia) e da súa maior ou menor sintonía ou heteronomía/autonomía entre o campo literario e o campo político (por usar a terminoloxía de Bourdieu).

No repaso que a escritora fai pola tradición dos estudos literarios galegos chaman a atención ausencias tan elocuentes como a de Carmen Blanco (32). Quere isto dicir que estamos perante diferentes escolas críticas, asociadas a determinados centros académicos en loita pola hexemonía interpretativa? Representa Rábade Villar unha voz xeracional da crítica literaria xurdida arredor das Academias que recoñece entre as súas referencias a Arturo Casas, Helena González e Dolores Vilavedra pero non a Blanco, unha das máis recoñecidas pioneiras dos estudos feministas en Galicia?

O feito de que este libro suscite tantas preguntas é un dos seus maiores logros. A autora trae un mapa da situación da historiografía e da crítica literaria galega sen eludir posicionarse. O libro abre, ademais, o camiño a novas vías interpretativas ao abeiro de tendencias do pensamento contemporáneo. Polo tanto, pódese afirmar que estamos diante dunha obra que será de consulta imprescindible.